

PROVIDENCIA DE INICIO DO EXPEDIENTE PARA A CESIÓN Á CONSELLERÍA DE SANIDADE DA PARCELA CATASTRAL 5456936NH2855N0001SM PARA A CONSTRUCCIÓN DUN CENTRO INTEGRAL DE SAUDE (02/2026 - PAT).

Primeiro.- O 29.10.2021, o Consello da Xunta aprobou o denominado Plan de Infraestruturas Sanitarias de Atención Primaria. Entre os obxectivos da fase 1 de prioridade do devandito plan atópase a creación dun novo Centro Integral de Saúde (CIS) na Comarca de Bergantiños que se propón instalar na Vila de Carballo, sobre a base do actual centro de saúde, sendo necesaria unha ampliación dos seus espazos, para dar cabida ao incremento de consultas, albergar consultas especializadas, ampliar a área de fisioterapia, mellorar a funcionalidade de radioloxía, crear unha área integral da muller e unha área de hemodiálise.

Para poder levalo a cabo necesítase unha ampliación do Centro de Saúde existente, facilitando así a integración nunha única infraestrutura de toda a oferta existencial para Carballo e comarca.

Respecto das distintas alternativas para a localización do CIS propostas polo Concello de Carballo, a Consellería de Sanidade considerou como a única opción posible e viable a construción do mesmo de forma anexa ao edificio existente actualmente.

Segundo.- Logo da adquisición dos terreos necesarios para este fin, mediante o a resolución da alcaldía núm. 3278/2024 do 08/11/2024 agrupáronse as parcelas adquiridas previamente, resultando unha parcela cunha superficie de 3.870 m². A cesión da titularidade desta parcela afectada é necesaria e prioritaria para a execución da urbanización e construción do CIS por parte da Consellería de Sanidade.

De conformidade co exposto é necesario,

Primeiro.- Incoar o oportuno expediente administrativo ó fin de ceder gratuitamente a parcela de titularidade municipal con referencia catastral 5456936NH2855N0001SM sita na Avenida do Ambulatorio, á Consellería de Sanidade para a construción do CIS.

Segundo.- Requirir á Secretaría municipal, e ó resto de servizos necesarios para que informen sobre a lexislación aplicable e outros extremos que consideren oportunos.

Carballo, 15 de xaneiro do 2026

A Concelleira de Facenda, Patrimonio, Persoal e Réxime interior.
María Belén Lendoiro Esmorís